



## RESUMO CONCLUSIÓNS SEMINARIO

### “CLÁUSULAS SOCIAIS E RESERVA DE MERCADO NA CONTRATACIÓN PÚBLICA” 13 de Xullo. Sede da Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela.

O seminario foi inaugurado pola secretaria xeral de Benestar, dona Susana López Abella, quen salientou a importancia de abrir este debate no novo escenario da prestación dos servizos sociais; asemade fixo repaso dos máis recentes traballos de desenvolvemento legislativo da vixente Lei de Servizos Sociais, especialmente das Bases para a nova Lei de Inclusión negociadas na Mesa de Diálogo Social, nas que xa se fai referencia entre outros moitos temas as Empresas Inclusivas.

Neste senso, EAPN Galicia ven traballando nos últimos meses para que se manteña interlocución co Terceiro Sector Social e non só cos axentes sindicais e empresariais, antes de que as Bases cheguen ao trámite parlamentario. Para isto sería tamén bo por xa en marcha o Consello Galego de Benestar Social.

O Presidente de EAPN Galicia, Santiago González Avión fixo na súa relatoría un repaso sobre a situación do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia, salientando a súa importancia na xeración de Capital Social e detallando os problemas e dilemas aos que o sector se enfrenta, entre eles a duplicidade entre o público e o privado e a dificultade na complementariedade.

Fixo tamén repaso da evolución do sector social na década dos 90, moi expansiva, e dos 2000, máis de consolidación; e do reparto xeográfico das sedes das asociacións e fundacións: Coruña 50,1%, Pontevedra 24,7%, Ourense 14,6% e Lugo 10,6%. A regulación e o control favorecen a supervivencia das entidades que independentemente do seu tamaño, aporten un valor real as comunidades nas que traballan. A estabilización das mesmas, está moi vinculada a súa base asociativa, a capacidade de mobilización de persoas e recursos e a dotación dun corpo técnico. En Galicia fáltannos estudos que cuantifique e axuden a poñer en valor ao noso tecido asociativo social.

Taula d'Entitats de Catalunya. Belén Castán, salientou o percorrido do Grupo de Traballo sobre Prestación de Servizos inserto na Taula que leva traballando na *Guía sobre Cláusulas Sociais* dende o ano 2008 e continúa a día de hoxe coa difusión da mesma. Este documento de referencia baséase na posta en valor das entidades do Terceiro Sector Social que acada a creación de Capital Social a traveso da xeración de cohesión e inclusión social, da detención de novas necesidades sociais e da creación de ferramentas de participación cidadá. Este Terceiro Sector de Acción Social, a diferenza do sector empresarial retorna de xeito directo os seus beneficios á sociedade na que traballa; e, a diferenza do que moitas veces se pensa, é xa actualmente un sector moi estruturado no que o 53% dos seus traballadores e traballadoras son persoal indefinido.

Josep Sérrano, introduxo os contidos da Guía salientando a necesidade de que o Terceiro Sector cuantifique as súas actuacións máis e mellor para poder poñer en valor perante as administracións públicas e a sociedade en xeral o traballo que as entidades realizan. Así, a Guía desenvolve 10 indicadores de acción global, 11 indicadores sobre solvencia técnica das entidades e 13 sobre calidade do proxecto que poden ser utilizadas como criterios de valoración das ofertas.

Estes indicadores, poden ser utilizados nas diferentes fases do proceso de contratación as veces como criterio de valoración/adxudicación e outras coma mellora.



## O estudo propón 6 cláusulas sociais básicas:

- axuste do servizo ás necesidades dos grupos
- fomento da calidade das condicións laborais
- promoción do emprego de determinados grupos
- proximidade a comunidade local
- inclusión de beneficios á sociedade
- promoción da participación

Outra reflexión salientable é que comparativamente, e para ofertar determinados tipos de obras o servizos, as empresas licitadoras precisan dunha clasificación, a cal reflicte o seu grado de experiencia na materia en concurso. Para a xestión de servizos sociais, non existe unha esixencia semellante, o que provoca que empresas sen experiencia poidan optar a concursos deste tipo.

En canto ao IVE, como tamén recolle a Resolución 2/2010 de EAPN Galicia, avogan porque o prezo no concurso sexa con IVE incluído, para non partir dunha desigualdade manifesta.

**Joaquín Gómez**, xefe do servizo de Educación, Formación e Emprego do Concello de Avilés, presentou unha iniciativa pioneira na administración local, que enmarcou nunha visión global das cláusulas sociais, é dicir estas non teñen que contemplarse coma algo aillado, senón coma parte dun conxunto de políticas sociais e de inclusión. Salientou a participación do Concello de Avilés na rede de territorios socialmente responsables “Retos” co programa “Avilés Avanza” (participado pola Federación Asturiana de Empresarios, os Sindicatos e o Goberno).

Os antigos plans locais de emprego, e actuais programas territoriais de emprego, pretenden:

- acompañar na formación
- acompañar na adquisición de experiencia laboral
- acompañar no mercado laboral tutelado
- acompañar no mercado laboral normalizado
- acompañar no autoemprego

Estes procesos de acompañamento comezan coa diagnóse das competencias laborais e a ubicación nas escalas de empregabilidade.

A ADEIPA ou Asociación de Empresas de Inserción Asturianas xurdiu a traveso da Mesa para a promoción das empresas de inserción desde entidades de acción social, posto que non había ningunha empresa deste tipo no principado. Na actualidade xa existen 3, e poden vinculalas ás reservas de mercado.

En Avilés, en toda a contratación pública do concello, incorporan a reserva de mercado, ademáis doutras cláusulas; no caso da discapacida de a porcentaxe é dun 10%.

A Instrucción (BOPA 25/11/2009) regula os contratos reservados establecendo ditas reservas nos contratos menores ou negociados sen publicidade, así como, a traveso dun decreto posterior, todos os contratos de máis de 100.000 € de importe e de 4 meses de prazo deben incorporar critrios sociais, se non o fan teñen que argumentarlo de xeito oficial e obter op visto bó a esa excepción.



Unha das claves para a aplicación práctica foi tamén cambiar os enfoques dos Obxectos dos Contratos: non é o mesmo que o obxecto do contrato sexa o mantemento de zonas verdes, ou a construción de beirarrúas que o obxecto do contrato sexa “a inserción sociolaboral de persoas en risco de exclusión” **mediante**... o mantemento de zonas verdes ou a construción de beirarrúas.

**Juan Bautista Suárez**, presidente do Colexio de secretarios, interventores e tesoureiros da Administración Local na provincia da Coruña, **salientou o estado aínda inmaduro da posibilidade de aplicación das cláusulas sociais na experiencia local galega**. Fixo referencia a un par de contratos, un impulsado polo concello de Lugo no que para a prestación do servizo de axuda a domicilio, e dentro do pliego de cláusulas particulares obrígase a que para cubrir as baixas, substitucións ou postos de nova creación, se recorra aos servizos sociais para contratar. Outro exemplo, de aplicación da Disposición Adicional VII da Lei de Contratos, e o licitado polo Concello de Santiago de Compostela para o mantemento do parque de Salgueiriños a un CET.

Menciona tamén a posibilidade de que nas Bases de Execución dos Orzamentos, se inclúa a obriga de incorporar unha porcentaxe dos contratos menores para empresas de inserción.

**Elena Barba**, secretaria xeral da **Xunta Consultiva de Contratación Administrativa**, explicou o percorrido deste órgano vinculado actualmente á Consellería de Facenda e creado fai apenas dous anos, no que **xa existen 4 comisións de traballo creadas para introdución de cláusulas de diversa índole: sociais, medio ambientais, informáticas (protección de datos) e de comercio xusto**. Os traballos destas comisións tiñan xa que estar rematados, pero as demoras producidas polo cambio de goberno (xa que os membros o son en función dos seus cargos) **nos emprazan a este outono para ter os primeiros borradores**.

Salientou novamente a importancia na definición do obxecto do contrato, da inclusión nas prescricións técnicas de descripcións respetuosas con determinados criterios sociais, das posibles limitacións para as entidades que podan establecerse cos **criterios de solvencia** – xa que estes non están aínda adaptados á solvencia social – e incluso dos criterios de adxudicación preferentes (Directivas 17 e 18 ano 2004).

En canto a esta preferencia na adxudicación, a sinalada pola disposición adicional VI, de preferencia “en caso de empate”, recollida tamén na lei 13/2008 de servizos sociais no seu artigo 33 para os contratos de xestión de servizos públicos, ampliada no Consello de Goberno do 8/04/2010 para todo tipo de contratos; EAPN Galicia salienta xa na súa citada resolución, que estes casos de empate son moi improbables, co cal a medida ten máis un compoñente simbólico que práctico.

**Cristina Varela**, secretaria técnica de AEIGA, salientou que esta asociación: a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia, foi pioneira no estado español, con algo máis de dous anos de traxectoria teñen xa 11 empresas deste tipo asociadas. **Explicou asemade que a diferenza deste tipo de empresas é misional, xa que son empresas que tributan de igual xeito que calquera outra, pero a súa orixe atópase no pulo do Terceiro Sector de acción Social, e na defensa da necesidade do apoio á inserción laboral das persoas de colectivos en risco de exclusión, formados por persoas que parten dunha situación de desigualdade manifesta**. Entende así que o debate de discriminación positiva fronte a libre competencia, debería estar superado, ao que tamén axudaría unha lexislación máis clara. Entre as propostas da AEIGA, apuntou a opción de reserva dunha porcentaxe do PIB para contratación reservada.